

# **CONCELLO DE RIANXO - - PROVINCIA DE A CORUÑA-**

## **ACTA Nº 12-2013 DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL**

**- DIA 26/09/2013-**

**Marxe que se cita:**

**Presidente:**

ADOLFO F. MUIÑOS SANCHEZ.- (BNG)

**Concelleiros/as asistentes:**

ADELINA CES QUINTANS (BNG)

CONSTANTINO CASTAÑO CALVO (BNG)

XOAN VICENZO CES RODRÍGUEZ (BNG)

HADRIANA ORDOÑEZ OTERO (BNG)

Mª TERESA SOBRADELO IGLESIA.- (BNG)

JOSE CARLOS GEY HERMO (PSOE)

SONIA CASTAÑO EIRAS (PSOE)

Mª OLGA GONZÁLEZ DOURADO (PSOE)

ANA MARIA AGRELO REY (PSOE)

Mª VANESA MARTÍNEZ DURAN (PP)

ELISA BOUZAS VICENTE (PP)

JOSE RICARDO BESADA GESTO (PP)

JOSE LUIS CASTIÑEIRAS LESENDE (PP).-

**Concelleiros ausentes:--**

Mª DE LAS NIEVES VICENTE VARELA (PP)

ANA MARIA EITOR VIDAL (PP)

JOAQUIN DOMINGUEZ SALGADO (PSOE)

**Secretaria:**

Carolina Costoya Pardo

**Interventora:**

Agueda Bello Valdés

Na Casa Consistorial de Rianxo, no día de hoxe ás 20:05 baixo a Presidencia do Sr.Alcalde, reúnen os/as señores/as Concelleiros/as que á marxe se indican, coa asistencia da Interventora Municipal e da Secretaria da Corporación, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión do Pleno Municipal.

Constatada a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente ( cando menos 1/3 do número legal), polo Sr.Presidente declárase aberta a sesión e procédese a trata-los asuntos incluídos na seguinte

**ORDE DO DÍA:**

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

2º.- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDIA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO.

3º.- DACION DE CONTA DA RESPOSTA DO DEFENSOR DO POBO AO ACORDO PLENARIO DO 30/07/2013 SOBRE A LEI 2/2013.-

4º.- DACION DE CONTA DOS INFORMES DA INTERVENCIÓN RELATIVOS AO CUMPRIMENTO DO PLAN DE SANEAMENTO APROBADO COMO REQUISITO DO RD. LEI 5/2009, DO 24 DE ABRIL.

5º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XERAL DO EXERCIZO 2012.

6º.- APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DA ORDENANZA REGULADORA SUBVENCIÓNS DO CONCELLO DE RIANXO.

7º.- MOCIONS DE URXENCIA

8.º.ROGOS E PREGUNTAS

### **1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR**

Acta Nº 11 Sesión ordinaria do día 05/09/2013

O Presidente preguntalle aos Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta indicada.

Non habendo observacións ao respecto, polos votos a favor dos 14 concelleiros presentes, dos 17 que legalmente conforman o pleno, queda aprobada a acta citada.

### **2.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDIA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO**

**2.A)** A Presidencia da conta das Resolucións de Alcaldía ditadas dende o día 01/08/2013 ata o 31/08/2013, que comprenden os números 357/2013 ao 413/2013, cuxa relación facilitouse aos voceiros dos grupos municipais.

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación DÁSE POR ENTERADO.

**2.B)** A Presidencia da conta das Actas das Xuntas de Goberno Local que se indican a continuación e que se trasladaron aos membros do pleno coa convocatoria desta sesión:

- Acta Nº 16 da Sesión ordinaria do día 27/08/2013

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación DÁSE POR ENTERADO.-

### **3.- DACION DE CONTA DA RESPOSTA DO DEFENSOR DO POBO AO ACORDO PLENARIO DO 30/07/2013 SOBRE A LEI 2/2013**

O Sr. Alcalde da conta da resposta negativa recibida o día 02/09/2013 ( RXE nº 6182) do Defensor do Pobo en relación á solicitude plenaria de interposición do recurso de inconstitucionalidade contra o apartado 4 da Disposición Transitoria primeira da lei 2/2013, de protección e uso sostible do litoral e de modificación da lei 22/1998 de Costas, e por ende, de que a devandita institución considerou improcedente facer uso da lexitimación contemplada no artigo 162.1.a) da Constitución polos motivos que expón que someramente serían:

- non é inconstitucional que unha lei careza de motivación ou sexa modificado en trámite parlamentario.
- non é constitutivo de constitucionalidade o informe Auken.
- non é certo que a DT1ª prive aos propietarios de terreos do seu dereito a edificar cando eses dereito non se detenta sen obrigas urbanísticas.
- é incerto que haxa retroactividade de disposicións restrictivas de dereitos individuais pois non hai dereitos adquiridos ao ser terreos urbanísticamente non edificables.
- non se infrinxe o artigo 33 CE nin os tratados internacionais ao non terse privado dun dereito existente, senón establecer unha limitación en aras de políticas ambientais e de protección da costa.

O voceiro do PSdeG-PSOE, Jose C.Gey Hermo rememora o acordo plenario do pasado 30 de xullo, polo que solicitouse a interposición do recurso de inconstitucionalidade contra o apartado 4º da Disposición Transitoria Primeira da Lei 2/2003. Faciamolo en defensa da autonomía local e en defensa dos lexítimos propietarios de vivendas e pequenas parcelas en zonas de costa que non teñen un impacto negativo sobre o medio ambiente pesqueiro. O mesmo recurso foi presentado en moitos concellos de Galicia e resto de España, concellos de distintos signo político. O acordo plenario foi remitido á FEMP – FGAMP – parlamento – senado e á Defensora do Pobo.

Hoxe dáse conta do informe negativo emitido pola sra. Defensora do Pobo que semella atender mais a sigras políticas que á institución que representa pois rexeita a actuación solicitada en contra da Directiva do Parlamento Europeo que esixe a España atender ao recollido no Informe Auken. Con relativa sorpresa, recibimos os razoamentos xurídicos nos que se basa este organismo para informarnos que non hai motivos para o recurso

presentado. Entre outros razoamentos figura que “no cabe entrar” no informe do Parlamento Europeo que nos avala. Da a impresión que os únicos informes válidos chegados de Europa son os que conlevan recortes e pobreza. É, o máis grave, entende a sra. Defensora do Pobo que “este concello se apoia na solidariedade colectiva non para a defensa do medio sen non para a súa destrución, pois a edificación na zona de protección vai contra a función social do uso da costa.” Ante esta aseveración, cabe preguntarse si estamos a defender os dereitos lexítimos dos propietarios de vivendas e dos de pequenas parcelas que son supoñen impacto negativo sobre o medio ambiente costeiro, ou pola contra, si está a informar sobre as especulativas urbanizacións construídas no Sur de España e en algún outro punto no norte da nosa comunidade, beneficiadas directamente polo a actual modificación da Lei de Costas. En todo caso, é de esperar que o Parlamento e Senado, coa forza da FEMP e FGAMP, defendan o recurso presentado en defensa da autonomía local ao tempo de evitar que se lexisle sen motivo nin arbitrariamente.

A voceira do BNG, Adelina Ces Quintans, súmase ao dito polo voceiro do PSDG.

A voceira do PP, Vanessa Martínez Durán, di que non pode intervir porque non dispoñía da resposta do Defensor do Pobo.

O alcalde remata dicindo que a ver se os deputados ou os senadores ou a vía da cuestión de inconstitucionalidade formulada a través da FEMP progresan para facerlles fronte a esta modificación que considera inaxeitada por como se produciu e polo seu contido.

#### **4.- DACION DE CONTA DE INFORMES DE INTERVENCIÓN RELATIVOS AO CUMPRIMENTO DO PLAN DE SANEAMENTO APROBADO COMO REQUISITO DO RD. LEI 5/2009, DO 24 DE ABRIL**

O Sr. Alcalde da conta do informe emitido pola Intervención para a avaliación anual do cumprimento do plan e cuxo contido transcríbese literalmente:

<< INFORME DE INTERVENCION

Asunto: Evaluación anual do cumprimento do Plan de saneamento aprobado como requisito do Real Decreto – Lei 5/2009 de 24 de abril, de medidas extraordinarias e urxentes para facilitar as Entidades Locais o saneamento de débedas pendentes de pago con empresas e autónomos.

##### 1. Antecedentes:

- Acordo plenario da Corporación de data 01/07/2009 de aprobación dun plan de saneamento, necesario para concretar unha operación extraordinaria de endebedamento no marco do Real Decreto Lei 5/2009.
- Acordo do Pleno da Corporación de data 30/07/2009 de corrección de erros materiais e actualización de datos de endebedamento do Plan de saneamento aprobado na sesión plenaria de data 01/07/2009.

##### 2. Lexislación aplicable:

- Real Decreto - Lei 5/2009, de 24 de abril, de medidas extraordinarias e urxentes para facilitar as Entidades Locais o saneamento de débedas pendentes de pago con empresas e autónomos.
- Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL)
- Real decreto 500/1990 de 20 de abril, polo que se desenrola o Capítulo I do Título IV do TRLRFL, en materia orzamentaria.
- Orde de 20 de setembro de 1989, pola que se establece a estrutura dos orzamentos das Entidades Locais.
- Orde EHA/4041/2004 de 23 de novembro, pola que se aproba a Instrucción do modelo normal de Contabilidade Local.
- Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL)

- Lei 30/1992 de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común (LRXPAC)

3. Informe:

- a. O artigo 9 do Real Decreto Lei 5/2009 esixe como requisito para a operación extraordinaria de endebedamento bancaria prevista no mencionado Real Decreto Lei que anualmente se evalúe, pola Intervención municipal, o cumprimento do Plan de saneamento, aprobado pola Entidade Local. Este informe debe ser remitido ao Ministerio de Economía e Facenda antes do 31 de marzo do ano seguinte a aquel ao que se refira a liquidación, previo coñecemento do Pleno da Corporación e por transmisión electrónica.
- b. Coa finalidade de realizar a avaliación coa debida rigorosidade, esta intervención optou por seguir o mesmo esquema que segue o propio Plan de Saneamento, e dicir, avaliación das medidas adoptadas no orzamento de ingresos, avaliación das medidas adoptadas no orzamento de gastos e finalmente avaliación dos índices de cumprimento do Plan de saneamento.
- c. Cumprimento do plan de saneamento:

- a. ORZAMENTO DE INGRESOS:

- i. Impostos directos:

Indicar que no capítulo 1 de ingresos a diferenza entre os dereitos recoñecidos realmente e as previsións do plan é de 99.165,24 € por encima das previsións do Plan. A análise pormenorizada dos importes máis relevantes é o que se indica a continuación:

- i.i IBI

O importe que se prevé no Plan como dereitos recoñecidos por IBI ascendía a 1.184.944,19 e o liquidado realmente ascende a 1.202.227,55 €. Cúmrese o compromiso previsto para o IBI. Advírtese que no Plan de Saneamento non se tivo en conta o IBI rústico pola súa pequena incidencia. Neste exercicio ascenderon os dereitos recoñecidos a 1.596,26 €

- i.ii. IVTM

A medida adoptada para incrementar estes recursos correntes foi o incremento dos coeficientes a aplicar sobre as cotas fixadas no artigo 95 do TRLFL nun 3% anual. Esta medida estase a aplicar por parte do Pleno da Corporación, pero os importes non se axustan debidamente ao previsto, xa que os dereitos recoñecidos netos esperados eran 580.151,37 € e a realidade de dereitos recoñecidos netos é de 548.462,74 € o que supón un desaxuste de 31.688,63 €.

- i.iii. IAE

Non se preveu ningunha medida que afecte a anualidade 2.012. Pero o crecemento dos dereitos recoñecidos foi superior ao previsto. Así o Plan preveía 71.720,98 € e os dereitos recoñecidos por este concepto ascenden a 85.207,23. Producíndose un axuste a alza de 13.486,25 €

- i.iv. IIVTNU

Non se preveu ningunha medida que afecte a anualidade 2.012. Sen embargo, recoñécense dereitos por 36.942,33 € , cando o plan preveía 20.131,32 €. Neste caso , tamén hai un axuste a alza por importe de 16.811,01 €

- i.ii.- Impostos indirectos:

Para o cálculo do imposto indirecto prevíronse como dereitos recoñecidos 213.100,99 € pois o plan baseábase na execución do polígono empresarial de Rianxo que para ese ano estimábase que daría lugar a dereitos recoñecidos por importe de 51.524,78 € . E evidente que non se executou o polígono empresarial aos niveis previstos o que debe unirse o parón da construción residencial e as solicitudes dos importes recadados por ICIO, de obras que xa non se van a executar. O desaxuste neste concepto é de 161.719,47.

#### i.iii.- Taxas e outros ingresos non afectados a operacións de capital:

As previsións se cumpriron neste concepto. Os dereitos recoñecidos previstos eran de 1.015.358,66 e o recoñecemento unha vez feita a liquidación alcanza os 1.148.324,15 €. Volvémonos a encontrar coa execución do polígono industrial de Rianxo para o que se estimou un importe de 4.465,48 € en dereitos recoñecidos por taxas.

Tamén incide neste punto que a ordenanza fiscal por ocupación de dominio publico da telefonía móbil esta anulada por sentenza xudicial, polo que non se esta a liquidar esta taxa.

#### i.iv.- Transferencias correntes:

Neste capitulo as previsións do plan víronse superadas, concretamente nun importe de 125.793,06 €. A causa é que no plan de saneamento por aplicación do criterio de prudencia so se tivo en conta as transferencias correntes previstas inicialmente no orzamento e por tanto todo o non previsto inicialmente supón un incremento. Este é o caso da concesión da subvención para axuda no fogar de persoas valoradas dependentes, da recibida para mantemento da oficina do ARI,... tampouco tiñan previsión inicial no orzamento as transferencias doutras entidades locais, en concreto, as da Deputación da Coruña. Isto ten especial incidencia, xa que a Deputación dende o ano 2.010 permite destinar ao 50% do POS ao gasto corrente.

#### i.v.- Ingresos patrimoniais.

Para o calculo desta magnitude se toma o previsto no orzamento do exercicio 2.008 e se mantivo invariable, nembargantes sufriu unha redución de 3.561,75 €, debido a que os tipos de xuros, que son a referencia da retribucións dos fondos baixaron considerablemente.

### **b. ORZAMENTO DE GASTOS:**

#### i.i.- Gastos de persoal.

Como medida neste capitulo adoptáronse as medidas previstas na Lei de Orzamentos do Estado para o ano 2.012.

#### i.ii.- Gastos en bens correntes e servizos

A medida que se recollía neste capitulo supoñía un exhaustivo control do gasto para garantir a prohibición de calquera gasto sen consignación orzamentaria ( prohibición recollida xa na Lei xeral orzamentaria e no Texto refundido das facendas locais). Esta medida non se levou a cabo coa debida efectividade, pois segundo se deduce do peche da contabilidade existen 326.292,87 € en situación de acredores pendentes de aplicar ao orzamento, neste caso ao exercicio 2.012. O desaxuste por este concepto é de 397.243,10 ao que habería de sumarse o importe que se reflicte na conta 413 da contabilidade municipal.

#### i.ii.- Gastos financeiros

Para a previsión deste capitulo consideráronse os gastos financeiros das operacións xa concertadas así como as novas operacións posteriores a proxectada no Real decreto 5-2009. Todos os cálculos de gastos financeiros realizáronse tendo en conta as condicións concertadas das operacións a longo prazo, tanto das xa vixentes como das novas. A Corporación concertou unha nova operación a longo prazo ao abeiro do Real Decreto 4/2012 de pago a provedores.

#### i.iii.- Transferencias correntes

Neste capitulo preveuse como medida correctora do remanente de tesourería unha redución do 50% respecto do previsto no 2.008. Pero as estimacións non se cumpriron, pois prevíase recoñecer obrigas por transferencias correntes ata o importe máximo de 89.100,21 € e recoñecéronse por importe de 113.883,95 € o que supón un incremento do gasto previsto de 24.783,74 €, provocando un desaxuste no cumprimento do Plan.

#### i.iv.- Pasivos financeiros

Igual que para os gastos do capítulo 3 “ gastos financeiros” para a previsión deste capítulo consideráronse os gastos de amortización das operacións a longo prazo, tanto das vixentes como das proxectadas. Neste caso, o incumprimento ven da man das modificacións dos tipos de xuros que afectan nos importes amortizados ao terse concertado as operacións polo sistema francés de amortización. No exercicio 2012 non se ve afectado pola nova operación ao abeiro do Real decreto lei 4/2012 xa que neste exercicio atopase en período de carencia.

d. EVOLUCION DOS INDICES DE CUMPRIMENTO DO PLAN DE SANEAMENTO.

Os indicadores de cumprimento do plan previstos na Resolución de 5 de maio e 2009 Xeral de Coordinación Financeira coas Comunidades Autónomas e coas Entidades Locais, pola que se establece o procedemento e a información a subministrar polas entidades locais que se acollan o disposto no Título 1 do Real decreto lei 5/2009, de medidas extraordinarias e urxentes para facilitar as Entidades Locais o saneamento de débedas pendentes de pago con empresas e autónomos son:

Aforro neto, calculado como a diferenza entre a suma dos capítulos 1,2,3,4 e 5 de ingresos e a suma dos capítulos 1,2,3,4 e 9 de gastos descontados os ingresos do capítulo 3 legalmente afectos a operacións de capital.

Este indicador prevíase que sería de 18.675,72 €. O calculo cos datos reais da liquidación do orzamento 2012 ascende a 19.600,87. O aforro neto é positivo.

Deficit de tesourería anual, que mide a capacidade real para poder atender ao pago do exercicio corrente e de exercicios cerrados dos mesmos ingresos e gastos considerados para o aforro neto.

E evidente que esta entidade ten déficit de tesourería, de feita esta magnitude ten un resultado que se obtén dos datos da liquidación do exercicio 2..012 negativo nun importe de 116..206,21 €.

Remanente de tesourería para gastos xerais, mide o cumprimento do plan de axuste, este debería ser cero ou ter signo positivo, unha vez axustado no importe total das obrigas que no seu caso quedasen pendentes de aplicar o orzamento no ano respectivo.

Este índice despois de axustes é positivo.

## CONCLUSIÓNS

- 1) Respecto dos ingresos existen desviacións respecto ao plan do exercicio 2.009 que ascenden a un total de 14.308,96 €
- 2) Respecto dos gastos existen aforros respecto dos importes do Plan de 15.234,11 € debido fundamentalmente as reducións impostas polo Estado nas retribucións ao persoal publico.

Por ultimo este informe, a xuízo da funcionaria que o subscribe, emitese ca finalidade de levar a cabo a obriga en relación ao subministro de información ao Ministerio. Non obstante, o cumprimento ou incumprimento do mesmo, debe ser contextualizado no actual plan de axuste que englobaría este aprobado ao abeiro do Real decreto 4/2012, aprobado no exercicio 2012 e para un escenario de 10 anos.>>

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación DÁSE POR ENTERADO.-

## **5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XERAL DO EXERCIZO 2012**

O alcalde lee a proposta facilitada aos membros do pleno corporativo:

<<Visto o expediente da Conta Xeral do Concello de Rianxo correspondente ao exercicio económico de 2012, no que consta a documentación prevista nas regras 97 e seguintes da Instrución do modelo normal de contabilidade, aprobada por orden EHA/4041/2004, de 23 de novembro de 2004.

Someteuse a **DITAME** da COMISION INFORMATIVA ESPECIAL DE CONTAS do día 14/08/2013, sendo este favorable.

O expediente estivo exposto ao público via BOP nº 158, do 21/08/2013 e taboleiro de anuncios municipal, durante 15 días hábiles e 8 mais, rematando o prazo para formular reclamacións, reparos ou observacións o día 17/09/2013 sen terse formulado ningunha segundo certificado de Secretaria.

Considerando que o artigo 212.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado por Real Decreto – Lexislativo 2/2004 atribúe ó Pleno a competencia para a súa aprobación, e debendo ser esta aprobada antes do 1 de outubro do ano seguinte, esta Alcaldía propón ó Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar a Conta Xeral correspondente ao exercicio de 2012 do Concello de Rianxo nos termos e coa documentación que consta no expediente.

SEGUNDO.- Unha vez aprobada, remitir ao Consello de Contas antes do 15/10/2013 para a súa fiscalización conforme estipula o artigo 212 e 223 do RD. Lexislativo 2/2004>>

O alcalde engade que a Conta xeral que se trae a aprobación plenaria contén todos os informes que se veñen emitindo sobre a xestión económica municipal. Di que quédase co que sinala a interventora no seu informes –sen pretender ser triunfalista- pois o concello nestes momentos de crise esta a manter servizos e as prestacións a pesar dos recortes, facendo verdadeiros esforzos e incluso amortizando débeda.

Ábrese o **DEBATE**:

A voceira do PP, Vanessa Martinez Durán, di que na Conta Xeral vense cousas que non chegan a entender ou simplemente non lle cadran, por exemplo:

- segundo o informe da interventora que di que é necesario facer unha depuración dos saldos pois existen dereitos recoñecidos dos exercizos 2008-2010 que non reúnen as condicións para contabilizarse como tales. Ao finalizar o exercizo quedaban pendentes de cobro 977.494,59€, e pregunta qué medidas se tomaron para tratar de cobralos.

- segundo o mesmo informe da intervención sería conveniente iniciar un expediente de prescrición de dereitos, pois a contabilidade presenta dereitos pendentes de pago dende o exercizo 1987, e pregunta a voceira ao goberno municipal se teñen pensado iniciar esos expedientes de depuración, pois como saberan todo ilo altera o estado de ingresos reais dos orzamentos. Entenden que para equilibrar os papeis o goberno no orzamento municipal lle ven xenial pero hai que ser realistas e dicirlle aos veciños de Rianxo a situación orzamentaria verdadeira do concello.
- Por outra parte, poden explicar a situación dos proxectos Equal e Equal II?
- Pregunta por qué non se fai a corrección dos dereitos pechados por diferentes importes dos exercizos anteriores, como sería a coordinación externa e avaliación, coordinación de sistemas e procesos de xestión, reserva financeira acción 3, paseo marítimo, etc?
- Agradecerían saber – xa que na conta xeral presentada non ven especificado- que acontece cos 58,5 m2 da Martela, existen ou non? Pagáronse? O que está claro é que aparecen na conta xeral e iso é sinal de algo.

Todos estes datos xa constaban na conta do exercizo 2011 e no seu informe que, por certo, presentaba unha liquidación con inestabilidade orzamentaria e o goberno municipal non fixo nada por arranxala.

Remata a voceira do PP, manifestando a súa sorpresa polo empeño en contratar a asistencia xurídica en contra dos informes desfavorables de Secretaria e Intervención sabendo que incumpre a lei de incompatibilidades posto que nunha das persoas físicas da UTE concorre a condición de persoal ao servizo das Administracións Públicas, non sendo o posto de Secretario un posto de docencia nin tampouco de prestación a tempo parcial que permitira a compatibilidade.

Por todo o exposto, fai saber o voto en contra dos membros do PP.

O voceiro do PSdeG-PSOE, Jose Carlos Gey Hermo, di que rendida a Conta Xeral, informada pola Comisión Especial de Contas, exposta ó público e, non habendo alegación algunha, creemos merecente de destacar os resultados:

Ø O exercicio presentado marcanos un resultado positivo no que os ingresos foron suficientes para cubrir as obrigas recoñecidas, cun Superavit orzamentario de 1.226.295€.

Ø No Remanente de Tesourería, reflectidas os partados pendentes de cobro e os pendentes de pago cos fondos líquidos de tesourería, é de 1.665.713€

Ø No capitulo de Aforro Neto, logo de contabilizar os apartados de

- Ingresos correntes 5.831.926€
- Gastos Correntes 4.504.147€
- Op. de endebedamento 1.049.147€

Ø O aforro neto do exercicio foi de 132.058€

Permitindo este resultado aplicar deduccions nos apartados de

- Dereitos de difícil o imposible recadación .... 781.742€
- Exceso de financiación afectada ..... 197.032€
- Recoñecementos extraxudiciais incorporados a 2013.... 326.292€

Ø A débeda é de 4.318.582€ a 31/12/12 situando a porcentaxe da debeda viva en 74%.

Mantendo un superávit final no remanente de tesourería de 417.638€

En resumo e sen ser triunfalista, o exercicio marca unha liña positiva en tódolos seus apartados, significando que o Concello de Rianxo, cun aforro neto positivo e unha débeda inferior ó 75%, poderá concertar novas operacións de crédito a longo prazo para o financiamento de inversións.

A voceira do BNG, Adelina Ces Quintáns, apoia a conta xeral presentada e apunta que se vai no bo camiño tentando manterse ou reducir gastos sen deixar de prestar servizos a pesar dos recortes.

O alcalde remata o turno de intervencións destacando o esforzo do goberno municipal que cualifica de espectacular xa que se prestan servizos aínda con menos financiamento, dispóñense de mais brigadas nos montes – que por exemplo outros concellos da comarca mais grandes como é o caso de Boiro e Ribeira, di-, movílízase o que fixo falta para acadar un obradoiro de emprego, aténdense as demandas sociais e, ademais, páganse os préstamos existentes amortizando débeda por uns 1.200.000€. Os veciño en vez de verse prexudicados seguen sendo o centro de atención deste concello nunha continua actuación de contención e aínda así o resultado é positivo, correcto e bo. En canto á contratación da actual asistencia xurídica o problema o tería realmente o Concello de Outes onde exerce o secretario que forma parte da UTE e cuxo pleno deulle o acordo de compatibilidade. No relativo á Martela e aos programas do EQUAL pregunta á interventora.

A interventora di que se mirará os expedientes pero en tanto non se rematen seguirán figurando, mais di que estase nelo dende a intervención e tesourería.

O alcalde insiste en que aínda descontando o dos programas do Equal e a Martela estes vese que non engrosasn artificialmente o remanente xa que serían uns 200.000€.

A voceira do PP pregunta por qué todavía figuran ahí eses dereitos, e cando prescriben.

A interventora, a petición da Alcaldía, resposta que en tanto non se tramiten e resolan os expedientes de depuración dos dereitos recoñecidos seguirán ahi, e o prazo sería catro anos.



A voceira do PP di que xa teñen transcorrido anos dabondo.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, sendo **APROBADA** por 10 votos a favor ( 6 dos membros do BNG e 4 dos do PSdeG-PSOE) e con 4 votos en contra ( os 4 do PP) e cero abstencións, dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.-

## **6.- APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DA ORDENANZA REGULADORA SUBVENCIONS DO CONCELLO DE RIANXO**

O alcalde lee a proposta facilitada aos membros do pleno corporativo:

<<Sendo preciso contar cunha Ordenanza reguladora das subvencións a conceder polo Concello de Rianxo.

Incorporado o día 18/09/2013 os informes de Intervención sobre a necesidade de dispoñer da devandita ordenanza e da Secretaria sobre os trámites procedimentais.

Tendo en conta que conforme ó artigo 22.2. d) da Lei 7/1985, de bases de réxime local, a aprobación de Ordenanzas é unha competencia indelegable do Pleno da Corporación, bastando maioría simple, propoño a este órgano a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Aprobar inicialmente a Ordenanza municipal reguladora das subvencións no Concello de Rianxo, cuxo texto se achega con esta proposta.

**Segundo:** Expoñer ao público dita disposición mediante anuncio no taboleiro de edictos da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia durante un prazo de trinta días hábiles para a presentación de reclamacións e alegacións polos interesados.

**Terceiro:** De haber alegacións resolveranse en nova sesión do pleno corporativo. No caso de non se producir reclamacións durante o prazo sinalado, entenderase aprobada definitivamente a ordenanza sen necesidade de novo acordo de conformidade co artigo 49 da Lei 7/85. Posteriormente publicárase o texto completo no BOP, entrando en vigor unha vez transcorrido o prazo de 15 días previsto no artigo 65.2º da Lei 7/85.

ANEXO

ORDENANZA REGULADORA DE SUBVENCIONS DO CONCELLO DE RIANXO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Coa finalidade de regular, dándolle un tratamento homoxéneo a relación xurídica subvencional nas diferentes Administracións Públicas, aprobouse a Lei 38/2003 de 17 de novembro , Xeral de Subvencións. Tratase de responder adecuadamente as necesidades que a actividade subvencional das Administracións Públicas esixe actualmente nos aspectos de transparencia, control financeiro e réxime sancionador. O artigo 3.1.b) da lei inclúe as entidades que integran a Administración Local no ámbito de aplicación subxectiva, impondo o artigo 9 a obriga de aprobar con carácter previo ao outorgamento das subvencións, as bases reguladoras da concesión nos termos previstos na Lei.

O art. 17.2 da lei establece que “as bases reguladoras das subvencións das Corporacións Locais deberán aprobarse no marco das bases de execución do orzamento, a través dunha ordenanza xeral de subvencións ou mediante unha ordenanza específica para as distintas modalidades de subvencións”. Polos motivos expostos, considerouse a conveniencia de elaborar unha Ordenanza Xeral de Subvencións que contemple as actividades de tipo social, cultural e deportivas, e outras, cuxas convocatorias son as máis frecuentes no ámbito municipal, precisamente polo seu carácter complementario dos servizos públicos tradicionais, e desta forma, cumprir coas obrigacións legais impostas, previas a aprobación das diferentes convocatorias de subvencións.

TÍTULO I.-DISPOSICIONS XERAIS

ART.1º .- OBXECTO.

1. A presente ordenanza, citada ao abeiro da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, ten por obxecto concretar o réxime xurídico xeral da concesión de subvencións, así como o procedemento a seguir para a solicitude, concesión, xustificación e pagamento destas.

2. Enténdese por subvención a disposición gratuíta de fondos públicos, en especie ou en diñeiro, que o Concello outorga a

persoas físicas ou a entidades públicas ou privadas que cumpran os seguintes requisitos:

- a. Que a entrega se realice sen contraprestación directa dos beneficiarios.
- b. Que a entrega estea suxeita á realización dun determinado obxectivo, á execución dun proxecto, á realización dunha actividade, a adopción dun comportamento singular, xa desenvolvidos ou por desenvolver, ou a concorrencia dunha situación, debendo o beneficiario cumprir as obrigas materiais e formais que se establezan.
- c. Que o proxecto, a acción, conducta ou situación financiada teña por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública.

3. Distínguense os seguintes tipos de subvencións:

- a) Subvencións nominativas: son aquelas en que as persoas beneficiarias se encontran determinadas e explicitamente identificadas e figuran con tal carácter no Orzamento Municipal de Gastos. Os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións nominativas. Que figuren nos orzamentos municipais desta forma non significa, non obstante, que o beneficiario teña dereito á súa percepción, senón unicamente o importe máximo de subvención que poida outorgarlle o Concello. En todo caso precisa a adopción de acordo ou resolución polo órgano competente que estableza a contía e as condicións en que se concrete a subvención.
- b) Subvencións directas sen convocatoria previa: As que se outorgan, con carácter excepcional nos supostos en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública. Dentro destas atópanse as denominadas "emerxencias sociais".
- c) Subvencións en réxime de concorrencia competitiva: Son aquelas que contemplan unha eventual pluralidade de solicitudes e a concesión require a comparación nun único procedemento, destas solicitudes entre si de acordo cos criterios establecidos na norma reguladora da convocatoria, para resolver sobre a concesión e, no seu caso, establecer a contía.

## ART.2.- EXCLUSIÓNS.

Quedan excluídas do ámbito de aplicación desta ordenanza :

- a.- Os premios que se outorguen sen a previa solicitude do beneficiario.
- b.- As subvencións que se outorguen aos grupos municipais.

## ART.3.-PRINCIPIOS XERAIS.

1. Con carácter xeral as subvencións que se concedan estarán presididas polos principios de publicidade, libre concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

2. Non será necesaria publicidade previa cando :

- a) As subvencións teñan asignación nominativa no orzamento do Concello de Rianxo.
- b) Cando a súa concesión e contía resulten impostas por normas que vinculen ao Concello.
- c) As subvencións directas sen convocatoria previa a que fai referencia o apartado 1.3.b desta Ordenanza.

A concesión de axudas ou subvencións efectuarase consonte ao establecido na presente norma, e ao disposto, no seu caso, nas bases reguladoras de cada unha das convocatorias.

## ARTIGO 4.-BENEFICIARIOS.

1. Terán a consideración de beneficiario de subvencións as persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, domiciliadas ou actuantes no concello de Rianxo, que teñan que realizar a actividade que fundamentou o seu outorgamento ou que se encontren na situación que lexítima a súa concesión. Excepcionalmente, cando a actividade teña interese para o municipio, xa sexa de carácter social, económico ou humanitario, poderanse conceder subvencións a persoas ou entidades foráneas, ou non inscritas no rexistro municipal de asociacións. A argumentación deste interese acreditarase mediante achega dunha memoria ao efecto.

a) Poderán acceder á condición de beneficiario as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que aínda carecendo de personalidade xurídica, poida levar a cabo os proxectos, actividades ou comportamentos ou que se encontren na situación que motiva a concesión da subvención.

b) Cando se trate de agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas sen personalidade, deberán facerse constar expresamente, tanto na solicitude como na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos pola agrupación. En calquera caso, deberá nomearse un representante ou apoderado único da agrupación, con potestades bastantes para cumprir as obrigas que como beneficiario, corresponden á agrupación.

Non poderá disolverse a agrupación até que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 39 e 65 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.

2. Non poderán acceder á concesión de subvencións municipais as persoas nas que conorra algunha das circunstancias enumeradas no apartado 2 do artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións.

## ART.5- DEREITOS E OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS.

1. A persoa, entidade ou colectivo preceptor da subvención terá dereito a pedir e a obter en todo momento o apoio e colaboración da entidade local na realización da actividade ou proxecto que se subvenciona.
2. Os preceptores das subvencións están obrigados a :
  - a) Aceptar a subvención: No caso de que isto non sexa posíbel deberá renunciar a ela expresa e motivadamente, no prazo de quince días, contados a partir daquel en que reciban a notificación da concesión da subvención.
  - b) Realizar a actividade para a que fose concedida a subvención, axustándose aos termos do proxecto.
  - c) Acreditar ante este Concello a realización da actividade e cumprir cos requisitos e condición que se determinaran na concesión da axuda.
  - d) Someterse ás actuacións de comprobación e facilitar os datos que se lles requiran.
  - e) Dar conta das modificacións que puidesen xurdir na realización do proxecto, xustificándoas adecuadamente.
  - f) Comunicar, tan axiña como se coñeza, a obtención de subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes doutras administracións e entidades públicas ou privadas nacionais ou internacionais.
  - g) Xustificar adecuadamente a subvención.
  - h) Acreditar con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social ou autorizar ao Concello para que faga esta comprobación.
  - i) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

## ART.6.- ENTIDADES COLABORADORAS.

1. Serán entidades colaboradoras aquelas que, actuando en nome e por conta do órgano concedente a todos os efectos relacionados coa subvención, entreguen e distribúan os fondos públicos aos beneficiarios cando así se estableza nas bases reguladoras, ou colaboren na xestión da subvención sen que se produza a previa entrega e distribución dos fondos recibidos. Estes fondos, en ningún caso, se considerarán integrantes do seu patrimonio. Así mesmo, terán esta consideración os que sendo denominados beneficiarios conforme a normativa comunitaria teñan encomendadas, exclusivamente, as funcións enumeradas no parágrafo anterior.  
Ditas entidades deberán reunir as condicións de solvencia debidamente probadas, especificando as bases da convocatoria da subvención a documentación que a través da cal se acreditará a solvencia.
2. Formalizarase un convenio de colaboración coa entidade no que se regularán as condicións e obrigacións asumidas por esta. O convenio deberá conter como mínimo os extremos recollidos no art.16 da Lei 38/2003 de 17 de novembro.

## ART.7.- CONTÍA DAS SUBVENCiónS:

1. As subvencións previstas nas correspondentes convocatorias estarán debidamente consignadas nos orzamentos municipais.
2. No caso de convocatorias realizadas en réxime de concorrencia, poderanse estimar as solicitudes ás que fose outorgada maior valoración, sempre que se reúnan os requisitos determinados nestas normas e, no seu caso, nas bases da convocatoria, até que se extinga o crédito orzamentario.
3. O importe das subvencións reguladas na presente norma, en ningún caso poderán ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras AAPP ou doutros entes públicos ou privados, xa sexan nacionais, comunitarios ou internacionais, superen o orzamento do proxecto para o que se solicita.

## TITULO II.- PROCEDEMENTO

### CAP.I.- CONCESIÓN EN REXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA

#### ART.8 .- CONVOCATORIA

O procedemento xeral para a concesión de subvencións iníciase mediante a convocatoria aprobada polo órgano competente para a autorización do gasto e de conformidade coas bases reguladoras.

#### ART.9- BASES DA CONVOCATORIA.

1. A convocatoria terá necesariamente o seguinte contido:
  - a) Indicación do acordo plenario polo que se aproba definitivamente a Ordenanza Municipal de Subvencións do Concello de Rianxo e o nº do Boletín Oficial da Provincia en que estea publicado.
  - b) Créditos orzamentarios aos que se imputa a subvención e contía total máxima das subvencións convocadas dentro dos créditos dispoñíbeis ou, no seu defecto, contía estimada das subvencións.
  - c) Obxecto, condicións e finalidade da concesión da subvención.
  - d) Expresión de que a concesión se efectúa mediante réxime de concorrencia competitiva.

e) No tocante á solicitude:

- Requisitos para solicitar a subvención e forma de acreditarlos.
- Prazo de presentación das solicitudes
- Documentos e informes que deben acompañar a petición.
- No seu caso, posibilidade de reformulación das solicitudes nos supostos de que o importe solicitado fose superior ao proposto polo órgano instructor.

f) Procedemento:

- Indicación dos órganos competentes para a instrución e resolución do procedemento.
- Prazo de resolución e notificación.
- Criterios de valoración das solicitudes.
- Medios de notificación ou publicación, de conformidade co previsto no art.59 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, LXPAC.

As bases indicadas no parágrafo anterior serán redactadas polos responsábeis da xestión dos distintos programas orzamentarios e previamente á súa aprobación serán remitidas á Intervención Municipal para que emita o seu preceptivo informe de fiscalización.

As bases publicaranse no taboleiro de edictos do Concello e darase conta da súa publicación mediante anuncio na prensa, no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

#### ART. 10 .- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E PRAZOS.

As entidades e colectivos interesados deberán solicitar a subvención dentro do prazo que se sinale na convocatoria; sen prexuízo do que poidan establecer as bases da convocatoria, coa solicitude hase achegar a documentación que se especifica nos artigos seguintes.

#### ART.11- DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR POLAS ASOCIACIÓNS E OUTRAS ENTIDADES CON PERSONALIDADE XURÍDICA.

A solicitude de subvención deberán acompañar a seguinte documentación:

- a) Memoria das actividades desenvolvidas pola entidade no ano anterior.
- b) Memoria xustificativa da necesidade da subvención que se solicita.
- c) Certificación acreditativa, declaración responsábel ou autorización para que o Concello obteña a certificación conforme a entidade non é debedora da Facenda Pública e está ao corrente das súas obrigas coa Seguridade Social.
- d) Acreditación, ou autorización para que o Concello a faga de oficio, de estar ao corrente de pagamento de todo tipo de obrigas fiscais co Concello.
- e) Datos da entidade bancaria a que se transferirá o importe da subvención que poida concederse consonte co Anexo 2º da O.M do 27/12/95, BOE 03/01/96

#### ART.-12.- REMISIÓN AO PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO COMÚN.

A tramitación das solicitudes, emisión de informes que procedan, requirimentos, resolución, notificacións, recursos e cantos actos sexan precisos até chegar á finalización do procedemento axustarase ao disposto na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

#### ART.13.- INSTRUCIÓN.

1. A instrución do procedemento de concesión de subvencións corresponde ao órgano que se designe na convocatoria e realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.
2. As actividades de instrución comprenderán as sinaladas no art.24.3 da Lei 38/2003.
3. Corresponderá a avaliación das solicitudes presentadas á comisión de valoración. A composición desta comisión será determinada nas bases da convocatoria, unicamente se exisira que cumpran cos requisitos establecidos na Lei 30/92 para os órganos colexiados. Unha vez avaliadas as solicitudes a comisión de valoración deberá emitir informe no que se concrete o resultado da avaliación efectuada.
4. O órgano instructor, a vista do expediente e do informe da comisión de valoración, formulará a proposta de resolución provisional, que deberá notificarse aos interesados na forma en que se estableza na convocatoria e concederese un prazo de dez días para presentar alegacións.
5. Examinadas as alegacións aducidas no seu caso polos interesados, formularase a proposta de resolución definitiva.

#### ART.14- RESOLUCIÓN.

Será competente para resolver as solicitudes de subvención o órgano que o sexa para a disposición do gasto, sen prexuízo das delegacións que poidan efectuarse. Aos efectos do previsto no art. 42 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, o prazo máximo para resolver as solicitudes de subvención será de tres meses contados a partir do día en que remate o prazo establecido na convocatoria para presentalas e o silencio da administración terá carácter desestimatorio.

O acordo de resolución da subvención será notificado ao solicitante. No caso de concesión, expresarase a contía da

subvención, forma de pagamento, condicións nas que se outorga e os medios de control que, no seu caso, se establezan. Non se concederá subvención algunha mentres non se xustifiquen adecuadamente subvencións anteriores.

#### ART. 15 -PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN.

O pagamento da subvención realizarase, previa xustificación, polo beneficiario, da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu nos termos establecidos nas bases reguladoras da subvención.

Casos especiais:

Naqueles casos nos que as subvencións se concedan en atención a concorrencia dunha determinada situación no perceptor, non requirirán outra xustificación para que se proceda o pagamento que a acreditación por calquera medio admisíbel en dereito de dita situación previamente a concesión.

Cando a natureza da subvención así o xustifique e sempre que se contemple na convocatoria, poderán realizarse pagamentos a conta. Estes pagamentos a conta poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente a xustificación presentada.

Tamén se poderán realizar pagamentos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo a xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención sempre que así se contemple nas bases reguladoras da convocatoria.

Non poderá realizarse o pagamento da subvención mentres o beneficiario non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade social ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

Nos casos nos que se produza adiantamento de fondos, pola contía elevada da axuda ou pola complexidade do proxecto e se considere necesario, poderase esixir na convocatoria a constitución de avais ou fianzas que garantan o reintegro no caso de incumprimento. Estas garantías serán canceladas no momento de xustificar a subvención.

### CAPÍTULO II.- CONCESIÓN DIRECTA DE SUBVENCIONS

#### ART.- 16.- CONCESIÓN DIRECTA.

As subvencións contempladas no art.1.3.a , que quedan exceptuadas do réxime de concorrencia, formalizaranse previo convenio coa entidade beneficiaria no que, obrigatoriamente se establecerán as condicións e compromisos aplicábeis de conformidade co establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Os convenios conterán como mínimo os seguintes extremos:

- a) Definición do obxecto da subvención, con indicación do carácter singular das mesmas e coas razóns que acreditan o interese público, social, económico ou humanitario e aquelas que xustifiquen a dificultade da súa convocatoria pública.
- b) Réxime xurídico aplicábel.
- c) Beneficiarios e modalidade de axudas.
- d) Procedemento de concesión e réxime de xustificación da aplicación dada ás subvencións polos beneficiarios. Así mesmo, quedan exceptuadas do réxime de concorrencia as subvencións contempladas no art. 3.b axustándose ao seguinte procedemento para a súa concesión:
  - Presentación de solicitude no Rexistro de entrada municipal.
  - Memoria do departamento correspondente no que se xustifiquen as características económicas, sociais,.concretas que impiden a tramitación conforme ao procedemento indicado no Cap.I deste título . No caso das chamadas "emerxencias sociais", esta memoria será substituída polos servizos de asuntos sociais, que deberán determinar os datos persoais, composición familiar, situación económico-laboral, situación da vivenda e o entorno social e outros datos de interese do/da solicitante, así como a valoración e interpretación destes datos.
  - Informe de fiscalización da intervención municipal.

Será competente para a sinatura dos convenios e para a concesión das subvencións directas o Alcalde ou organo no que delegue.

No prazo de tres meses a contar dende a data da súa concesión, deberán xustificarse a aplicación dos fondos percibidos.

No tocante ao pagamento será de aplicación o establecido no art.13 da presente ordenanza.

### TÍTULO III.- XUSTIFICACION DAS SUBVENCIÓNS

#### ART.17.- OBRIGACIÓN DE XUSTIFICAR

Os beneficiarios preceptores destas subvencións con cargo ao Orzamento municipal, deberán xustificar, ante a alcaldía, en todo caso e, si é preciso, a requirimento dos servizos técnicos competentes, a aplicación dos fondos percibidos. O prazo máximo de xustificación será tres meses dende a finalización do prazo para a realización da actividade, salvo que nas bases da convocatoria se estableza outro prazo distinto de xustificación.

#### Art.18.- APROBACION DA XUSTIFICACION.

Considerase suficientemente xustificativa a seguinte documentación.

a) As subvencións que teñan por finalidade a realización de actividades de calquera natureza que xeren gastos correntes xustificaranse mediante facturas orixinais de gastos ou fotocopias debidamente compulsadas. Naqueles supostos en que a natureza da actividade subvencionada e os gastos correntes que xere ou fagan aconsellábel, poderanse fixar outros medios de xustificación que acrediten, en todo caso, a realización de actividades obxecto de subvención e que deberán ser concretados nas bases da convocatoria.

b) As subvencións que teñan por finalidade a realización de actividades de calquera natureza que xeren gastos de investimento, xustificaranse achegando a seguinte documentación:

- Adquisición de bens de equipo: factura orixinal ou fotocopia compulsada.

- Adquisición de bens inmóbeis: fotocopia compulsada de escritura pública e xustificantes de pagamento dos impostos correspondentes.

- Execucións de obras: certificación de obra suscrita polo técnico colexiado competente e relación valorada. Se as obras se executan pola administración a certificación da obra concretarase o importe de execución material, non obstante poderá ser substituída a mesma por facturas orixinais ou compulsadas expedidas polos distintos provedores. Se as obras se executan por contrata, a certificación de obra que poderá conter os gastos xerais, beneficio industrial e IVE, acompañarase factura orixinal ou compulsada expedida polo contratista.

- O beneficiario da subvención acompañará aos xustificantes declaración de ter cumprido o obxecto da subvención e relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras Administracións Públicas para idéntica finalidade ou, no seu caso, a declaración de non ser beneficiarios doutras subvencións públicas para a mesma finalidade.

#### ART.19 .-INFORME INTERVENCIÓN MUNICIPAL.

A documentación relativa a xustificación da subvención remitirase á Intervención municipal para a súa fiscalización.

### TÍTULO IV.- INFRACCIÓN E SANCIÓN

#### ART. 20- INFRACCIÓN E RESPONSABILIDADES.-

a) Constitúen infraccións administrativas en materia de subvencións as accións e omisións tipificadas na Lei Xeral de Subvencións e serán sancionábeis.

b) Serán responsábeis das infraccións administrativas en materia de subvencións as persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, así como os colectivos de cidadáns e entes sen personalidade, que teñan a condición de beneficiarios de subvención.

#### ART. 21.- PROCEDIMENTO SANCIONADOR.-

O procedemento sancionador axustarase ao previsto no art. 54 a 58 e 66 a 69 da Lei Xeral de Subvencións.

Poderán impoñerse as sancións que se tipifican nos artigos 59 a 63 de dita Lei.

As infraccións e sancións prescribirán transcorridos os prazos que sinala o art.65 da Lei.

### TÍTULO IV

#### SUBVENCIONS E AXUDAS NON ECONOMICAS

##### CAP. I.- SUBVENCIONS EN ESPECIE

#### ART. 22.- RÉXIME XURÍDICO E PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN.

1. As entregas a título gratuito de bens e dereitos hase rexer pola lexislación patrimonial.

2. Non obstante o anterior, será de aplicación esta ordenanza, cando a axuda consista na entrega de bens, dereitos ou servizos adquiridos polo concello de Rianxo coa finalidade exclusiva de entregalos a un terceiro. En todo caso, a adquisición efectuada polo Concello para o fin sinalado someterase á normativa sobre contratación das administracións públicas.

3. As axudas desta natureza serán o mesmo réxime xurídico e estarán sometidas ao mesmo procedemento de concesión que as subvencións de carácter económico coas seguintes excepcións:

a) Na documentación que acompaña a solicitude de subvención non será necesario incorporar os datos bancarios do beneficiario.

b) A xustificación da subvención consistirá única e exclusivamente, na presentación, por parte do beneficiario, dunha declaración xurada que acredite que os medios materiais recibidos, foron destinados aos proxectos, accións, condutas ou situacións obxecto da subvención.

c) A consignación económica que o Concello debe prever anualmente no seu orzamento, terá como finalidade a adquisición dos medios materiais que constituísen o obxecto da subvención

##### CAP. II: PREMIOS

#### ART.23.- CONCESIÓN DE PREMIOS

O réxime especial aplicábel ao outorgamento de premios educativos, culturais, científicos ou de calquera outra natureza suxeitos á aplicación da LXS deberán axustarse ao contido desta ordenanza, agás naqueles aspectos nos que, pola especial natureza das subvencións, non resulte aplicábel.

#### DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

A lei 38/2003, Xeral de Subvencións, aplicarase supletoriamente ao disposto nesta ordenanza.

#### DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor unha vez publicado integramente o seu texto no BOP e transcorrido o prazo establecido o art. 65.2 da Lei 7/85, Reguladora das Bases de Réxime Local.>>

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISION INFORMATIVA DE FACENDA, do día 23/09/2013, sendo este favorable.

O alcalde ofrece a palabra e abre o **DEBATE**:

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D<sup>a</sup>. Vanesa Martinez Duran, amosa o acordo do grupo na súa aprobación.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Jose Carlos Gey Hermo, manifesta o apoio a proposta e di que elaborouse esta Ordenanza xeral de Subvencións para responder adecuadamente as necesidades que conlevan a concesión das subvencións por parte das administracións.

Nela contémpanse as de tipo social – cultural e deportivas e outras precisas no ámbito municipal, distinguíndose os diferentes tipos: Nominativas – Directas e de Concorrenza competitiva. Defínense as bases das Convocatorias, beneficiarios, dereitos e obrigas, pagos, sancións, etc. Entre outros apartados, inclúese un apartado especial para aquelas subvencións e axudas non económicas, subvencións que poidan ser en especies. Entendemos que a aprobación desta ordenanza supón un afianzamento na transparencia e no control financeiro.

A voceira do grupo municipal do BNG, D<sup>a</sup>. Adelina Ces Quintáns, manifesta o apoio á proposta.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, sendo **APROBADA** por unanimidade dos membros presentes que son os 14 votos a favor ( 6 dos membros do BNG, 4 dos do PSdeG-PSOE, 4 do PP) con cero votos en contra e cero abstencións, dos 17 que legalmente constitúen a corporación.-

## **7.- MOCIONS DE URXENCIA**

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día e antes de pasar a quenda de rogos e preguntas, ábrese o punto de mocións de urxencia.

**A Presidencia pregunta se hai mocións.**

*Sae do salón o concelleiro Constantino Castaño Calvo.*

O alcalde trae un asunto que se tratou na XUNTA DE VOCEIROS.

**7.1. APOIO Á PROPOSTA DE ACTEMSA PARA A SOLICITUDE DA MEDALLA DE OURO AO TRABALLO AO GOBERNO DE ESPAÑA EN FAVOR DE D. SEVERINO ESCURIS BATALLA.**

O alcalde comenta a proposta achegada á Alcaldía por ACTEMSA e que ten tratado na Xunta de Voceiros, así que co acordo dos grupos dase por **ratificada a urxencia por unanimidade** dos 14 concelleiros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, polo tanto maioría absoluta, pasándose a tratar o asunto.

O voceiro do PSdeG-PSOE, Jose Carlos Gey Hermo, intervén para dicir que a traxectoria de Severino Escuris é o suficientemente sobresaínte tal e como se recolle na documentación que se adxunta con toda a relación de empresas que creou e, con ilo, o millar de traballadores que aínda hoxe están nas empresas especialmente traballadores da zona.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, sendo **APROBADA** por 12 votos a favor ( 4 do BNG, 4 dos do PSdeG-PSOE, 4 do PP) con cero votos en contra e 2 abstencións ( dos Concelleiros Castaño Calvo por ausentarse do salón e Hadriana Ordoñez) dos 17 que legalmente constitúen a corporación.-

*Incorpórase o concelleiro Constantino Castaño Calvo.*

## **8.- ROGOS E PREGUNTAS**

*P.1. A voceira do grupo municipal do Partido Popular, Vanesa Martínez Durán pregunta en que situación esta o das pulgas no Colexio de Cubide.*

O alcalde explica que alí se fixeron actuacións para facerlles fronte e de feito comezouse o curso sen problemas. Sinala que se preguntou incluso se soupera delas antes das vacacións e o colexio dixo que non. Semella que soamente afectaba ao patio do colexio pero aínda así fumigouse tamén o interior durante 24 horas. Quere insistir en que non houbo aviso ningún da consellería nin do colexio e en canto se soupo actuouse inmediatamente para fumigalo.

A concelleira delegada de Educación, Hadriana Ordoñez, pide a palabra para engadir a sorpresa pola nota de prensa na que unha persoa magnificou a situación cando non houbo mais que o aviso da mestra e se actuou dilixentemente e se falou coa ANPA.

*P.2. A voceira do grupo municipal do Partido Popular, Vanesa Martínez Durán di que lle preguntaron se se puxo unha prohibición de non aparcar na urbanización da Virxe da Guadalupe á altura de Irmáns Insua*

O alcalde di que o comprobará e lle respostará.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 20:55 minutos, de orde da Presidencia, e ao non haber público non se abre a sesión a ROGOS E PREGUNTAS DO PUBLICO ASISTENTE.

Levántase a sesión ás 20:55 horas, da que se estende a presente acta, do que eu, Secretaria, dou fe.

**O Alcalde**

**A Secretaria**

**Adolfo F. Muíños Sánchez**

**Carolina Costoya Pardo**